



Instrucións 3ª avaliación e fin de curso 2019-20

Este documento segue e adapta á realidade do noso centro as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Aspectos xerais

Continuidade do calendario escolar

As actividades lectivas durante o 3º trimestre, sempre condicionadas polo que dispoñan as autoridades sanitarias, rexiranse polo calendario escolar xa vixente desde o comezo do curso, rematando nas datas previstas.

Continuará a atención educativa do alumnado a distancia, de maneira telemática e non presencial, agás que a evolución sanitaria permita algunha actividade presencial.

Contidos curriculares e apredizaxes a impartir

Extracto das instrucións definitivas da consellería do 27 de abril:

«Os centros e o profesorado revisarán as programacións didácticas para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas, en función da súa etapa, curso, área, materia ou módulo, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do seu alumnado, NIN SOBRECARGALO DE TAREFAS EXCESIVAS.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E, NO SEU CASO, AMPLIACIÓN das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.»

Avaliación do 3º trimestre e do curso 19-20

A avaliación do 3º trimestre será diagnóstica e formativa.

A avaliación final considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas nas dúas primeiras avaliacións, valorando especialmente as aprendizaxes e competencias IMPRESCINDIBLES.

A avaliación das actividades realizadas de forma non presencial só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado, non podendo minorar a nota das dúas primeiras avaliacións.

Alumnado de secundaria con materias pendentes do curso anterior

O alumnado con materias pendentes do curso 18-19 ten que seguir o proceso de recuperación. O xefe de departamento ou, no seu caso, o profesorado encargado da recuperación desas materias, porase en contacto co alumnado e encargarlle a realización de tarefas, probas ou exames online que garanticen o dereito á superala materia.

Exames de setembro en secundaria

Mantense a convocatoria extraordinaria de setembro, polo que o alumnado de secundaria que suspenda materias en xuño terá que examinarse delas en setembro

Promoción e titulación

Flexibilizaranse os CRITERIOS DE PROMOCIÓN sen depender do número de materias suspensas. A repetición terá carácter EXCEPCIONAL, e tomarase a decisión de forma colexiada tendo en conta a evolución académica do alumnado ANTES da suspensión da actividade lectiva presencial.

O **alumnado de secundaria** que promocióne con materias suspensas, terá que recuperalas o vindeiro curso (materias pendentes).

Flexibilizaranse os CRITERIOS DE TITULACIÓN no Graduado de Educación Secundaria, sen depender do número de materias suspensas, «baseándose na adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias»

Organización do centro

Tarefas

As dúas semanas que, dende o 14 de marzo, tivemos de teleformación supuxeron un esforzo titánico tanto para o profesorado como para o alumnado, ambos enfrontándonos a unha situación inédita para a que non tiñamos referentes.

Desde o inicio da 3ª avaliación pretendemos uniformar os nosos esforzos de xeito que redunden, tanto para as familias e alumnado como para o profesorado, nunha maior claridade e tranquilidade, reducindo o estrés e obtendo mellores resultados.

A **periodicidade das tarefas** será SEMANAL. O LUNS as 11:00 (ou en caso de festivo o primeiro día lectivo da semana) estarán publicadas as tarefas e o alumnado terá de prazo para facelas ata o venres desa mesma semana. Poderán mandarse tarefas cunha duración superior, pero terán que publicarse/anunciarse un luns igual que as outras. O anuncio da publicación das tarefas estará no correo cpivedra do alumnado.

No caso dos primeiros cursos de primaria, as titoras e especialistas comunicaranlle as tarefas ás familias pola canle correspondente en cada curso (CassDojo, correos electrónicos...)

O profesorado poderá, se o desexa, aconsellar unha distribución diaria das tarefas nas instrucións que dea o luns; por exemplo: facer o martes os exercicios 7, 8 e 9 da páxina 135; o mércores os exercicios 1, 2 e 3 da páxina 140, etc.

O profesorado correxirá as tarefas segundo o método que use (Aula virtual, Edixgal, Classroom, correo electrónico, e comunicarse a través destes métodos co alumnado para devolverlle as tarefas correxidas e/ou puntuadas.

Videoconferencias co alumnado

Para Primaria

Os titores poderán establecer videoconferencias cos seus alumno/as (sobre todo nos últimos cursos de primaria), si así o consideran preciso. Comunicaranllo con antelación, ben ás familias (no caso dos cursos máis baixos de primaria) ou ben aos propios alumnos/as (para os maiores de primaria) e farase coa finalidade de atender dúbidas, dar explicacións, facer probas orais ou simplemente manter contacto cos nenos/as.

Para Secundaria.

Cada profesor/a poderá establecer UNHA VIDEOCONFERENCIA SEMANAL co seu alumnado, ben para dar leccións ou explicacións ou para atender dúbidas ou facer probas orais. O alumnado recibirá no seu correo un aviso da data e a hora da videoconferencia, datas que estarán tamén nun calendario público ao que se poderá acceder dende a web do centro ou desde as contas de cpivedra do alumnado.

O calendario coas videoconferencias reservadas pódese consultar aquí: https://calendar.google.com/calendar/embed?src=cpivedra.com_1orn602d03bs9gqo1lev4kk74c%40group.calendar.google.com&ctz=Europe%2FMadrid

Con que ferramentas está a traballar o profesorado?

O centro dispón de 3 ferramentas "oficiais": Edixgal, Aula virtual e Classroom. Todo o alumnado da ESO está familiarizado con Classroom. E desde 5º de primaria a 2º da ESO traballan con Edixgal.

En educación infantil, as mestras propoñen actividades e tarefas voluntarias no blog pequenosdevedra.blogspot.com e nos primeiros cursos de primaria empréganse ferramentas como ClassDojo, libros dixitais, Classroom...

De todos modos, o profesorado indicará ao seu alumnado a ferramenta que vaia a usar, que pode ser distinta ás arriba nomeadas.

Comunicación co profesorado

As familias poden enviar unha mensaxe ao titor ou a o resto do profesorado a través de **Abalarmóbil**; isto está pensado para pedir unha cita co profesor, pero pode servir nestas circunstancias para dar un pequeno aviso. Co app aberta, hai que premer nas tres liñas horizontais da esquina superior esquerda e escoller "Titorías". Na seguinte ventá, premer sobre o "+" de esquina superior dereita: verá a todo o profesorado que lle da clase ao seu fillo, preme sobre o nome do profesor/a a quen lle quere enviar unha mensaxe e escribe o texto en "Observacións".

O alumnado coñece tamén o **correo electrónico** co que o profesorado se comunica con eles, así que tamén a través dese medio poden enviar unha mensaxe.

Outros correos:

Xefa de estudos de primaria: mariamartinez@cpivedra.com

Xefe de estudos: marcostaracido@cpivedra.com

Aínda que polo momento non podemos acudir ao centro, tamén poden chamarnos aos teléfonos do colexio que lles atenderemos:

PRIMARIA: **881867018**

SECUNDARIA: **881867017**

Orientación

Nesta web volcamos a información básica que normalmente damos nas charlas presenciais para orientar sobre os pasos dos cursos: 6º primaria a 1º ESO, 2º ESO ° 3º ESO e 3º ESO a 4º ESO. Tamén hai información sobre os itinerarios de bacharelato e sobre os ciclos formativos.

<https://sites.google.com/cpivedra.com/orientacion/inicio>

Para calquera dúbida ou pregunta, pódese contactar co orientador no correo troeiro@cpivedra.com ou no teléfono **881867019**